

Mais os peregrinos tamén fan amizades, descubren pobos, costumes, e o banco pretende ser o lugar no que pararse a escribir un enderezo, o nome dun pobo, un número de teléfono, algunha referencia que non queremos esquecer e debe ser un espazo de convivencia neses tramos entre etapa e etapa.



A espiritualidade, a soidade, a natureza, a superación dun mesmo, son elementos máis que suficientes para entender que nesta viaxe interior que supón o Camiño, a sensibilidade artística florece dunha maneira espontánea e serve para deixar mostras da nosa particular singradura. Tamén o noso banco facilitará parar a plasmar esas impresións, ademais, claro está, de sinalizar o propio camiño.



BanPe

BANCO PEREGRINO

Contacto
Polígono Carballiño, 33 • VALGA (Pontevedra) España
Telf.: +34 986 556 371 • Fax: 986 557 867
grupoodl@grupoodl.com • www.grupoodl.com

®
OdL
GRUPO

®
OdL
GRUPO


A xeito de introdución

O Camiño de Santiago é unha das peregrinacións máis antigas que se coñecen. Unha peregrinación milenaria, única na súa especie, na que se deu e dá cita todo o bo e nobre da vella Europa.

Pode ser explicado como o resultado da cristianización dun ancestral camiño pagán para ver morrer o sol na fin do mundo en Fisterra, pero a súa historia comeza co descubrimento dos restos do Apóstolo Santiago.

Xurdiu durante a Idade Media xunto ás outras dúas grandes viaxes que outorgan a indulxencia plenaria: a que leva a Roma e a que conduce a Xerusalén. Xunto a estas, hai outros moitos santuarios aos que se pode peregrinar, pero só hai unha peregrinación na que **o camiño é tan importante como o destino**.

Tanto é así que, cando se emprende o camiño, non se fala de peregrinar, senón de camiñar cara Santiago. Moitos buscan a redención da alma, outros a do corpo, todos a de realizar un camiño longo e esixente que os cambiará por dentro e por fóra. Como cantara o poeta grego Constantino Kavafis, o importante é gozar o camiño cara á nosa propia Ítaca (calquera que esta sexa).



*Se vas emprender a viaxe a Ítaca,
pide que a túa viaxe sexa longa,
rica en experiencias, en
coñecemento.*

O Camiño de Santiago é espiritualidade, cultura, natureza, gastronomía, historia... pero tamén soidade, esforzo, superación. Durante días, semanas ou meses os peregrinos camiñan, pedalean ou cabalgan buscando chegar a Santiago. O esforzo que isto supón para eles vese recompensado coa entrada á Praza do Obradoiro e a contemplación da Catedral compostelá. Pagou a pena! Sempre paga a pena facer aquilo no que un cre.



O Banco Peregrino

Co **banPe** pretendemos crear non só un banco onde sentarse, senón un elemento humanizador do Camiño, cunha intervención minimamente agresiva co entorno. O deseño é sinxelo, o elemento definitorio é a frecha amarela, o sinal que todo camiñante identifica facilmente coa viaxe a Compostela.



É de xustiza lembrar aquí que foi Elías Valiña, estudoso do camiño e párroco do Cebreiro (entrada do camiño francés a Galicia), quen nos anos 70 sinalizou con frechas amarelas o traxecto desde Francia, converténdose co paso dos anos nun símbolo inequívoco. No asento unha

representación gráfica do camiño na que poder consultar o camiñado e o que falta por camiñar.

A nosa proposta centra a atención no peregrino, sexa cal sexa a súa motivación. Facer 100, 500, 1000 quilómetros camiñando, en bicicleta, a cabalo, ben merece un banco no que descansar de tanto esforzo. Un banco para gozar da soidade e contemplar a natureza. Un banco no que reflexionar sobre a vida e o cambio que o camiño provoca nun mesmo. Pero tamén un lugar onde socializar, entenderse, ás veces, unicamente con xestos ou miradas, "idiomas" que falan da internacionalidade da nosa ruta. Un banco, en definitiva, onde descansar só ou en compañía.